

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE MAIO DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de maio de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a dengación da licenza urbanística para construción auxiliar vinculada á edificación unifamiliar existente en Campo da Barra, 2 (parroquia San Pedro de Soñar) (2021/Y001/000129).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para rehabilitación de edificacións tradicionais e cambio de uso residencial privado a uso hoteleiro no núcleo rural 43.2, Recimil-Poutomillos, exp. 2021/Y001/000248).

Tamén se acorda a denegación da licenza urbanística para a ampliación dunha explotación gandeira, consistente na construción dun almacén agrícola en Camoira-Santo Estevo (exp. 2021/Y001/000204).

Do mesmo xeito, acórdase a concesión das licenzas urbanísticas: para rehabilitación de cuberta de edificación existente sita na rúa Lavandeira, número 10 (exp. 2021/Y001/000240); para ampliar a instalación do ascensor co fin de mellorar a accesibilidade dende o exterior da edificación sita na avda. Coruña, número 272 (exp. 2022/Y001/000318).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3260041736356629429.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-5-2023

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de reurbanización da rúa Isaac Díaz Pardo (treito Avelino Pousa Antelo-Cidade de Viveiro) e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2023/C002/000002.

Acórdase a adxudicación na contratación da obra abastecemento de auga ao núcleo de Cimadevila, obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación. Exp. ref. 2022-C002-000035.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación do servizo de vixilancia nos Centros de Convivencia Municipais e no Centro Interxeneracional Paco Martín . Exp. ref. 2022/C003/000037.

Do mesmo xeito, acordase a desistencia do procedemento por inadecuación do prego técnico na contratación da subministración, instalación e mantemento dos sistemas audiovisuais do salón de plenos, dentro da estratexia Dusi Muramiñae da Muralla ao Miño, código de proxecto: 16dusi001 incluído no programa Operativo Feder orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80%. Exp. ref. 2023/C004/000011.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra conservación e mantemento da praza do Carne e da rúa do Carne, Lugo, incluído no programa operativo Feder Orde Hap/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80%. Exp. ref. 2023/C002/000003.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación mediante lotes da subministración de calzado e pezas de vestuario do uniforme para a policía local do Concello de Lugo do ano 2023 e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2023/C004/000008.

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do Convenio de Colaboración Axencia de Turismo de Galicia-Abanca. Arde Lucus 2023.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria exp. denegación

licenza urbanística para legalización de edificio existente, realizando obras de reforma, demolición e adecuación do edificio de uso residencial para implantar o uso de almacén agrícola, no tellado, Romeán.

Acórdase non admitir a trámite o recurso potestativo de reposición interposto contra a adxudicación do contrato menor para a adquisición de 14 cadeiras de oficina no servizo de facenda local deste Concello.

5. PERSOAL.- Acórdase aprobar a prórroga comisión de servizos do xefe de Servizo de Medio Ambiente.

Fora da orde do día

- Acórdase a aprobación do Convenio entre o Concello de Lugo e a Fundación Princesa de Girona para o desenvolvemento do evento "Tour del Talento 2023".

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.